



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Maio 2023 • Nº 278

Francisco
Fernández del Riego

17^º MAIO
DÍAS DAS LETRAS
GALEGAS

MAIO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

OFICINA DE REXISTRO CL@VE EN VEDRA

■ A Oficina de Rexistro Cl@ve é un sistema orientado a unificar e simplificar o acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.



O seu obxectivo principal é que o cidadán poida identificarse ante as administracións, mediante claves concertadas (usuario máis contrasinal), sen ter que recordar claves diferentes para acceder aos distintos servizos.

Cl@ve complementa os actuais sistemas de acceso mediante DNle e certificado dixital, e ofrece a posibilidade de realizar sinaturas na nube con certificados persoais custodiados en servidores remotos.

Previamente á utilización do sistema Cl@ve cómpre rexistrarse no mesmo, achegando os datos de carácter persoal necesarios.

Este rexistro pode facerse:

- A través de internet sen certificado electrónico (este tipo de rexistro é de nivel básico e non permite o acceso a todos os servizos).
- A través de internet con certificado electrónico ou DNle.
- De xeito presencial nunha oficina CL@VE. A Secretaría Xeral da Administración Dixital autorizou a este concello para que funcione como Oficina Rexistro Cl@ve.

Para rexistrarse no sistema de xeito presencial a través desta oficina debes solicitar cita previa a través do formulario dispoñible na Sede Electrónica – Outros servizos (<https://sede.vedra.es>)

CALENDARIO DE DÍAS FESTIVOS NO MES DE MAIO

■ Lembramos os días NON LABORABLES no Concello de Vedra neste mes:

- **1 DE MAIO:**
Festividade do Día do Traballo (Festivo Nacional)
- **17 DE MAIO:**
Festividade do Día das Letras Galegas (Festivo autonómico)
- **18 DE MAIO:**
Festividade do Día da Ascensión (Festivo local)
- **22 DE MAIO:**
Festividade do Día de Santa Rita (Festivo da Administración Local)

XESTIÓN TRIBUTARIA CALENDARIO FISCAL IVTM 2023

■ Dende o día 1 de abril e ata o 18 de xullo estarán a disposición dos contribuíntes os recibos en período voluntario do IVTM.

Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 15 de xuño.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacoruna.gal>) poderán comprobar os recibos, obter a carta de pago e incluso realizar o pago do imposto.

Tamén poderán solicitar a carta de pago no propio concello.

Máis información no teléfono do concello 981 814 612.



PROXECTOS EUROPEOS EN VEDRA!... VEDRA NO PROXECTO ELABHAUSE.RUR TRABALLANDO SOBRE ECONOMÍA AZUL EN CROACIA

■ Seguimos dando pasos no proxecto Elabhouse.rur (programa COSME da UE) no que o concello participa xunto con socios doutros catro países e lidera AGACA. A filosofía da Nova European Bauhaus que inspira este proxecto ten tres liñas de traballo: economía verde, economía azul e economía social. No mes de marzo tocou traballar sobre economía azul en Zadar (Croacia), onde compartimos boas prácti-

cas e experiencias cos socios doutros territorios en relación á protección do patrimonio marítimo e, no caso de Vedra, dun dos nosos recursos naturais máis importantes, o río Ulla. Acompañounos nesta experiencia Daniel Longarela, representando á Asociación AMABUL, e que puido expoñer perante o público internacional o traballo da entidade na protección das augas do Ulla.



Carlos Martinez e Daniel Longarela coa representante croata de Agrra.



Foto de grupo dos socios do proxecto Elabhouse.



Vedra forma parte da Rede Europea de Xardíns Históricos.



Presentación do Libro de Rubén Riós "Arrieiros Somos".



Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia, unha iniciativa de formación universitaria para persoas +50 anos.




Romería da Terceira Idade en Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Actuación Soledad Felloza no mes de abril, organizada pola ANPA do CPI de Vedra.



Exposición fotos pola igualdade, organizada pola ANPA do CPI de Vedra.



Así foron as Xornadas Técnicas sobre a Cultura do Viño.



XLI Edición da Festa do Viño da Ulla.



Deporte

FESTIVAL FIN DE CURSO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ MARTES 30 DE MAIO ÁS 17:30 HORAS NO PAVILLÓN MUNICIPAL

Será unha tarde diferente e divertida para poñer o broche a esta tempada do curso 2022/2023.

■ ...E O MÉRCORES 31 DE MAIO ÁS 18:30 HORAS NO PAVILLÓN DE LESTEDO:

EXHIBICIÓN DE PATINAXE.





SENDEIRISMO: RUTA DENDE CAMARIÑAS ATA A PRAIA DE LAGO (21 KM)

■ O sábado 27 de maio. Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada en Hipercor ás 7:55 horas.
- Diante da oficina do BNG (antiga estación de autobús) ás 8:00 horas.

Se nunca viviches esta experiencia e queres facelo podes informarte e inscribirte no 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal



Xuventude



ACCIÓN DE VERÁN 2023

■ CAMPAMENTOS INFANTIL E XUVENIL

- Destino: Zona de praia.
- Datas dos campamentos: Do 22 ao 29 de xuño.
- Prezo: 195 € con posibles bonificacións.
- Prazo de formalización de matrícula: Para as persoas seleccionadas do 23 ao 31 de maio.

■ VIAXE DA MOCIDADE

CAMPAMENTO XUVENIL
VIAXE DO VERÁN
TORREMOLINOS
do 3 ao 9 de xullo de 2023

Nados/as: 2005, 2006, 2007
Prezo: 350 € [7 días, 6 noites]
Inclúe: Transporte (en autobús), seguro da actividade, aloxamento (albergue Inturjuven Torremolinos con piscina e a pé de praia), pensión completa, visitas (Sevilla, Málaga), entrada Aqualand Torremolinos...

Prazas limitadas.
Teñen preferencia as persoas empadronadas no Concello de Vedra
(Realízase sorteo no caso de ser preciso)

Preinscricións: entre o 8 e o 12 de maio en
www.concellodevedra.gal

Concello de Vedra

VOLUNTARIADO XUVENIL 2023

■ **ÚLTIMA CHAMADA!!** Tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo?

Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencias de cara a un futuro laboral?



Anímate a participar como voluntario/a xuvenil e reserva a túa praza (prazas limitadas).

Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as accións voluntarias: dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores, recuperación patrimonial... Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Se estás interesado/a e se queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar con nós a través do teléfono 981 814 695 ou no correo: voluntariado@concellodevedra.gal

APÚNTATE XA!

LOITA CONTRA A VELUTINA

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



INFORMACIÓN SOBRE

CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”



Se atopas un niño de velutina
chama ao 012

Servizos Sociais

INFORMACIÓN XENÉRICA DO PROGRAMA BÁSICO COMUNITARIO 2023

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como 1) información, orientación e asesoramento; e 2) xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. **Dependencia (SAAD):** Persoas que tendo reco-

ñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).

2. **Libre concorrência:** Persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como



promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo, como prestación económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade.

INFORMACIÓN SOBRE AXUDAS DE INTERESE... PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR

A Xunta de Galicia publicou no DOG do 18/04/2023 as bases reguladoras e a convocatoria para este ano 2023 do Programa de Respiro Familiar. Consiste na concesión de axudas económicas destinadas a persoas coidadoras non profesionais.

Existen 3 modalidades:

1. Respiro no fogar.
2. Respiro en centro de día.
3. Respiro en residencia.

As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimentación e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.



O prazo de solicitudes será do 19 de abril ao 30 de outubro de 2023, ambos incluídos.

Máis información:

- Bases reguladoras e convocatoria (DOG núm. 74, do 18/04/2023).
- Teléfonos da Xunta de Galicia: 881 999 183 / 881 881 528 / 881 881 951.
- Servizos sociais do Concello de Vedra: 981 814 693.

A LUDOTECA ABRE O PRAZO DE SOLICITUDES PARA A SÚA LUDOVERÁN

Como cada ano a Ludoteca inicia unha nova tempada de verán intentando cumprir coa maior e mellor calidade as súas fins educativas e sociais.

O prazo de presentación de solicitudes: do 02 ao 31 de maio de 2023, ambos incluídos. As prazas son limitadas.

Lugar de presentación de solicitudes:

- A Sede Electrónica.
- Presencialmente: **PREVIA CITA (981 864 693 ou 981 864 612)** no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

Atoparás o modelo de solicitude na páxina web do concello

Para calquera información poñerse en contacto no tf: 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Bingo

Xoves 11 de maio ás 20:00 h.

■ Festival das Letras Galegas

Domingo 14 de maio ás 19:00 h.

Coro de Habaneras "Rocha Forte".
Coral da Terceira Idade de Vedra.

■ Circuíto termal nas Termas de Outariz e visita pola tarde.

Mércores 24 de maio. (Atención: cambia de data)

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita. (O prazo de inscrición ábrese o 9 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícanse por rigorosa orde de inscrición).

■ Excursión á comarca de Valdeorras

Mércores 7 de xuño.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición ábrese o 22 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas



e número de asento adxudícanse por rigorosa orde de inscrición).

■ Bingo especial de verán

Xoves 8 de xuño ás 21:00 h.

■ Teatro: "A Conexión Augardente" Grupo de Teatro de Maiores do Centro Social de Vedra

Venres 16 de xuño ás 21:00 h.

■ Baile-Sardiñada de San Xoán

Sábado 17 de xuño ás 20:00 h.

Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada

é preciso retirar un ticket que ten un custe de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa).

Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 29 de maio e o 13 de xuño.

■ Clausura-fin de curso actividades

Xoves 22 de xuño ás 20:00 h.

(As persoas interesadas en participar na clausura de fin de curso, deberán anotarse na cafetería do Centro Social ata o 20 de xuño)

INFORMACIÓN DE INTERESE

■ As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e diferentes disciplinas profesionais. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación en que se atopaba a vítima antes de padecela ou, cando menos, paliar os seus efectos.

• Servizos Sociais Comunitarios do concello de Vedra de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas.

• CIM, centro de información á muller:

• Atención xurídica: venres de 8:00 a 15:00 h.

• Atención psicolóxica: martes de 8:00 a 15:00 h.

• TELÉFONO 981 814 693

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

• Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.

• Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para

Continúa na páxina 8

solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.

- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese-lles tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, presta o servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a comunidade autónoma. Responde nel un equipo de distintas disciplinas coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas,

psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.

- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar...
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



Iniciativas das Asociacións

PRESENTACIÓN DO CADERNO DE CAMPO: MIÑOTO-RIBEIRO, PEREGRINAMENTE DA ASOCIACIÓN RAICEIROS

■ Venres 5 de maio ás 20:00 h. na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón.

Este caderno de campo acolle actividades coas que acadar maiores coñecementos sobre este iti-

nerario de peregrinación.

- **Organiza:** Asociación Raiceiros.
- **Colabora:** Concello de Vedra.



Iniciativas das Asociacións

ESCOLA DE FAMILIAS COA ANPA DO CPI DE VEDRA

lga1/EscolaFamiliasMaio. It also mentions 'Colabora: Concello de Vedra' and provides contact information: www.anpavedra.es and info@anpavedra.es.

RÍOS DE VIDA COA ASOCIACIÓN AMABUL

■ Unha nova aposta da Escola Ambiental desta entidade que na actualidade se desenvolve durante todo o ano.

AMABUL.ORG. Logos for AMABUL, the Ayuntamiento de Vedra, and Asía Ambiental ULLA are at the bottom.

FEIRA DA ULLA

■ TODOS OS CUARTOS DOMINGOS DE MES!!
Achégate e pasa unha mañá diferente!!

Con mercas, pulpo,... e moitas sorpresas!!

Parabéns

AO EQUIPO DE BALONCESTO "OBRADOIRO-VEDRA"

■ Por ser o campión da Segunda División Júnior da "Zona Santiago".



AO EQUIPO DE FÚTBOL XUVENIL DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ Por converterse en campión da Liga xuvenil segunda Galicia Santiago grupo 3.



A SERGIO MUNÍN SÁNCHEZ

■ Polos seus excelentes resultados no Campionato Galego sub-10, celebrado a pasada Semana Santa. A seguir así!!



AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

POLOS SEUS EXCELENTES RESULTADOS NO 1º CUATRIMESTRE DO ANO

■ **EN XANEIRO:** O Olímpico participou na competición "Xogade de Campo a Través" onde foron varios os alevíns e infantís que fixeron podio e conseguiron o seu pase para o provincial. O equipo infantil masculino proclamouse SUBCAMPIÓN PROVINCIAL, mentras que DAVID FARIÑA, era BRONCE provincial na categoría alevín.



EN FEBREIRO: Comenzaba a tempada de duatlón e o Olímpico participou no celebrado na cidade de A Coruña, onde o alevín Fabian Martínez subía ao pódium cun fantástico 3º posto.

EN MARZO: No XX Duatlón Cidade de Santiago, onde MIGUEL CASTRO proclamábase campión na categoría infantil, FABIÁN MARTÍNEZ subcamplón na categoría Alevín, GABRIELA QUINTÁS Campiona na categoría Júnior, e ANDREA IGLESIAS subcampiona.

- No Campionato Galego sub 18 CLAUDIA FERREIRO conseguiu o cuarto posto de lanzamentos longos, e GABRIELA QUINTÁS proclamouse subcampiona galega de 5000m-Sub20.

- No Campionato de España de Dúatlón sprint en grupos de idade, as categorías absolutas non deixaron de competir, e recoller recompensas ao seu esforzo e

A Mª REMEDIOS JOSEFINA PEREIRAS ARÁN

■ Que o pasado 26 de abril celebrou os seus 100 anos rodeada da súa familia e a súa xente.

Así, esta veciña de Santa Cruz de Ribadulla sumouse ao selecto club de persoas centenarias de Vedra.

Parabéns!!



paixón polo dúatlón, como, no que MIGUEL DAPORTA se proclamaba campión no seu grupo de idade, e PATRI VIADEL e ANDREA IGLESIAS se proclamaron subcampionas nos seus respectivos grupos.

- Na Copa de Europa de Tríatlón celebrada en Melilla, o Olímpico tamén conseguía participar coa representación de VÍCTOR BOUZÓN, como un dos deportistas que representaron a España nesta proba.

- Na Copa de Europa Júnior de Triatlón facía o propio GABRIELA QUINTÁS.

EN ABRIL: Nos Campionatos de España de Duatlón en Alcobendas e en Avilés, foi o turno para cadetes e xuvenís que estreaban participación xunto coas junior e os absolutos.

En Avilés completaron una expedición do club dun total de 16 deportistas e 2 técnicos, desprazamentos e competicións que lles deixan a todos eles unha experiencia moi enriquecedora, e un sentimento de equipo mais afianzado se cabe.

- No Campionato Xunta de Galicia de Duatlón Supersprint, donde GABRIELA QUINTÁS subía ao podio como Campioa Galega Júnior.



FESTA DA ORELLA EN SAN FINS O DOMINGO 7 DE MAIO

33ª Festa da Orella 2023

San Fins de Sales – Vedra 7 de maio

12:00 Apertura da festa
13:00 Recepción da corporación municipal e saúdo do alcalde de Vedra Carlos Martínez Carrillo
13:15 Pregón a cargo da reporteira da TVG e cantante TANIA VEIRAS

OS CAMPIÑOS da Asociación Cultural San Campio

Charanga OS ATREVIDOS

Batucada TRÓPICO DE GRELOS

Dúo MATICES

Grupo TANIA VEIRAS

Orella de Porco e Orella Doce
A Prezos Populares

Tamén haberá
POLBO, CHURRASCO
e máis produtos
regados con bo
VIÑO DO PAIS

Que non che coman a orella!

Organiza: **AFESA**

Colabora: **Concello de Vedra**, **Deputación da Coruña**, **MUNICIPIO DE GALICIA**

FESTA DO PORCO Á BRASA EN TROBE O DOMINGO 21 DE MAIO

XV FESTA DO PORCO Á BRASA

San Andres de Trobe

LOCAL MULTIUSOS DE TROBE - VEDRA

PUNTOS DE VENTA ENTRADAS:

- BAR A DORNA (TROBE)
- TABERNA DO SOUTO (SAN FINS)
- SENON CHAMA AO

628 713 418 - 622 447 154 - 635 142 685

DONATIVO EN TAQUILLA 25€
DONATIVO ANTICIPADO:

- MENORES 6 ANOS DE BALDE
- ENTRE 6 E 10 ANOS 10€
- 11 ANOS EN ADIANTE 22€

DATA LÍMITE 15 DE MAIO

DOMINGO 21 DE MAIO 2023

PREGÓN ÁS 13:30 A CARGO DE SORPRESA
SESIÓN VERMOUTH E ACTUACIÓN POSTERIOR A CARGO DE **PACHI SHOW**

XANTAR POPULAR ÁS 14.30

HABERÁ VARIOS SORTEOS AO LONGO DA TARDE

CONSOTEVA
OBRAS REFORMAS E INSTALACIONES

XIAN N.º 42 - TROBE (VEDRA) - 15885 A CORUÑA
Tf.: 629 387 284 - 656 963 224 - 656 963 227
consoteva@hotmail.com

Vedra coas Letras Galegas

Vedra non podía faltar nesta conmemoración, por iso compartimos todas as propostas arredor desta data tan sinalada...

SERÁN DAS LETRAS 2023 COA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

Toda a información na web municipal www.concellodevedra.gal

VIII CONCURSO SERÁN DAS LETRAS

DEBUXO

RELATO CURTO

POESÍA

Letras Galegas 2023

Organiza: **san campio**

Colabora: **Concello de Vedra**

IX SERÁN DAS LETRAS

Sábado 27 de maio 2023

San Miguel de Sarandón Vedra

20:00 h.

"Acto homenaxe adicado a Francisco Fernández del Riego"

20:30 h.

SERÁN FOLIADA

Excursión á Vilanova dos Infantes - Celanova - Ourense

Romaría Etnográfica RAIGAME

Mércores 17 de maio/2023

"Día das Letras Galegas"

Prezo: 12 €

Horario de saída: 9:30 h.

Horario de chegada: 17:00 h.

Reservación: antes do 10 de maio: Con Xosé Dirrección ou no whatsapp: 6449642264

Organiza: **san campio**

Colabora: **Concello de Vedra**



“VEDRA MEDRA” DO CPI DE VEDRA COAS LETRAS GALEGAS EN LOURENZÁ

■ O Día das Letras Galegas dedícaselle este ano 2023 ao lauretino **Francisco Fernández del Riego**. Por este motivo, **Vedra medra** co alumnado de 3.º ESO desprazouse á Mariña lucense para visitar a vila natal do escritor, Vilanova de Lourenzá.

Alí, da man do servizo de turismo do concello, realizamos unha visita cultural guiada. Os centros de interese sobre os que xirou a visita foron: a exposición “110 anos de Del Riego” que puidemos ver no salón de actos da casa do concello onde tamén tivemos ocasión de asistir á proxección do audiovisual “D. Paco volve a Lourenzá”. Percorremos Vilanova coa axuda da audioguía “Vilanova de Lourenzá vista por don Paco”, que nos permitiu reparar e coñecer, entre outros, detalles da súa casa natal. Despois entramos na igrexa de San Salvador, unha das xoias do barroco galego. E diante do sartego de Osorio Gutiérrez, O Conde Santo, escoitamos o que a tradición e a historia contan deste nobre. Dirixímonos logo ao Centro de Interpretación da Faba, produto local con denominación de orixe, no que aprendemos sobre o cultivo e o procesado da faba de Lourenzá. Recordábase alí o pregón que don Paco lera na 8.ª edición da Festa da Faba en 1998. Finalizou o noso percorrido na mostra de xoguetes tradicionais que se pode ver nun local sito na praza de



César Chavarría. Esta mostra recolle os traballos feitos e publicados polos lauretinos Manuel García e Xosé López sobre o mundo lúdico tradicional.

Lembremos que este curso 22-23, o noso proxecto chámase *O Camiño tamén dá xogo*, e Lourenzá agasalounos dobremente ao poder participar na dita mostra e ao ser concello, coma Vedra, polo que pasa o Camiño.

Para rematar o día, viaxamos ata A Pontenova para coñecer o seu patrimonio histórico-industrial. Xunto ás de Viveiro, as minas de ferro deste concello foron na primeira metade do século XX unhas das máis grandes de Galicia. Alí tivemos ocasión de acceder á mina Consuelo, de percorrer a ruta dos fornos e de baixar nunha tirolesa, de 330 m. de lonxitude que hai pouco que se puxo en funcionamento e que recrea o antigo teleférico aéreo construído en 1905, que servía para trasladar o mineral ata o forno do Boulloso.

FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

■ **DATA:** O domingo 14 de maio ás 19:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra.

Programa:

- Actuación do Coro de Habañeras “Rocha Forte”.

- Actuación da Coral da Terceira Idade de Vedra.

A XANELA DA LINGUA...

■ Cada ano, dende 1963, a Real Academia Galega (RAG) rende homenaxe cada 17 de maio á literatura galega. Escolleuse esta data pois nela conmemorouse os 100 anos da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

Nesta 60 edición o homenaxeado é Francisco Fernández del Riego tradutor, novelista, historiador, xornalista, ensaísta e editor.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!